

1º de maio **Contra a perda de poder adquisitivo e polo emprego na nosa terra**

OS acordos de contención salarial asinados durante estes catro últimos anos en Madrid polas cúpulas dos empresarios e dos sindicatos UGT e CCOO, provocan unha constante perda de poder adquisitivo na clase traballadora. Estes acordos limitan os incrementos nos convenios a porcentaxes inferiores ou iguais ao IPC, non compensando a verdadeira inflación, o que se nota na maior dificultade para chegar a fin de mes.

No noso país 420.000 persoas, a metade dos asalariados, perciben menos de 13.000€ brutos por ano, e entre estes, 170.000 cobran menos de 11.000€. Esta é a realidade que provocan estes pactos; empobrecen aos máis pobres.

A maiores, estes cativos incrementos están condicionados por un IPC amañado que carga a inflación sobre as rendas máis modestas. O IPC sería máis elevado, sobre un 7% cada ano, para as familias con ingresos inferiores a 15.000€ ano se estivese adaptado ao consumo real destas familias e se incorporase tamén para a valoración do IPC o custo da vivenda, excluído deliberadamente polo Goberno do Estado para manipular contabelmente a inflación. O certo é que para non perder poder adquisitivo nos salarios, o incremento en cada convenio non pode ser inferior a 42€ por mes. Esta é a inflación real do ano 2004.

Existe unha harmonía entre estes sindicatos, os empresarios e o Goberno, para retirarlle salarios á clase traballadora e entregárllelo ás empresas. Vemos con abraio e carraxe como mentres asinan estes Pactos, as ganancias da Banca, das Bolsas e das grandes empresas alcanzan cifras imponentes e ofensivas para a nosa dignidade.

Este modelo sindical de pacto, a cambio de rebaixar salarios non consegue crear máis emprego, reducir a

xornada de traballo ou diminuír a precariedade. Isto permite a moitas empresas non cumprir os convenios a pesar dos baixos salarios e sobreexplotando a clase traballadora. Por esta razón, e por culpa deste sindicalismo, as nosas pensións seguen a ser as máis baixas do Estado. Pola contra, onde a CIG é maioría fracasan na intención de aplicar este Pacto de contención salarial,

polo que a mellor resposta dende a clase traballadora, pasa por fortalecer a loita e o sindicalismo nacionalista.

Ademais disto, neste 1º de Maio os galegos e galegas debemos mobilizarnos contra unha causa endémica que desestrutura a nosa sociedade e o noso pobo, a emigración. Nos últimos anos máis de

200.000 galegos e galegas saíron de Galiza buscando emprego no Estado e en Europa. A taxa de desemprego que padecemos, maior que o resto do Estado, sería exponencialmente máis alta se tivéssemos en conta aos nosos e nosas emigrantes. Parece evidente que a política da Xunta e o desprezo dos diferentes Gobernos do Estado nas súas políticas de investimento e competencias para Galiza, son a causa deste éxodo recorrente que padece o noso pobo.

Hoxe ten tanta actualidade como antes aquela consigna do sindicalismo nacionalista que reclamou sempre o traballo digno na nosa Terra. Por iso debemos loitar dende un modelo sindical comprometido co país e non entregado aos poderes do Estado e dos empresarios, onde as

cúpulas non permiten a participación nin a opinión da clase traballadora, da mesma maneira que o facía o sindicalismo vertical. Os nosos baixos salarios nunca crearon máis emprego nin reduciron a precariedade; máis razón para defender a dignidade dos nosos salarios e do emprego.

A metade dos asalariados perciben menos de 13.000€ por ano

Os salarios non deben subir menos de 42 euros ao mes

POR UN 1º DE MAIO NA DEFENSA DE EMPREGO E SALARIOS DIGNOS NA NOSA TERRA



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

Manifestacións 1^o de maio

Comarca:	Hora:	Saida dende:
Vigo	ás 12 h.	Cruce da Doblada
A Coruña:	ás 12 h.	Praza de Vigo
Compostela:	ás 12'30 h.	Praza Roxa
Ferrol:	ás 12 h.	Avenida de Esteiro (Fronte local CIG)
Pontevedra:	ás 12 h.	Praza da Ferrería
Ourense:	ás 12 h.	Pavillón dos Remedios
Lugo:	ás 12'30 h.	Ronda da muralla (Edificio sindical)
A Mariña (Ribadeo):	ás 12'30 h.	Mercado de Ribadeo

**Contra a perda de poder adquisitivo
e polo emprego na nosa terra**



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com